asociación de ayuda a familias de drogodependientes

MEMORIA

2017

C/Rosalía de Castro, 13, 1º D. 15004. A Coruña. Tlfno. 981226926. www.adafad.org

Despedimos este ano á nosa Fundadora e Presidenta de Honra,
Dna. Emilia Gómez Rodríguez
Muller, nai, empresaria e cidadá profundamente solidaria
que fixo posible coa súa xenerosidade, compromiso, determinación e
bo facer que desde fai máis de vinte anos Adafad sexa un
espazo profesional de orientación ás familias.
A súa obra continua.

Emilia, foi una honra compartir o teu proxecto,
sempre estarás connosco.

INDICE

	Páx.
1. Xunta Directiva.....	4
2. A nosa tarefa, noso punto de vista, nosos criterios e o noso proxecto	4
3. Equipo de traballo	8
4. Área de Información	10
5. Área de Atención Psicosocial a Familias	11
5.1. Intervencións	11
5.2. Perfil das persoas atendidas.....	12
6. Área Preventiva	14
6.1. Ámbito Familiar.....	14
6.2. Ámbito Escolar.....	17
6.2.1 Educación Primaria.....	17
6.2.2 Educación Secundaria e Ciclos Formativos	19
6.3. Ámbito xuvenil.....	25
7. Área de Xestión de Conflitos	28
7.1. Ámbito Familiar.....	28
7.2. Ámbito Escolar.....	28
7.2.1. Educación Secundaria e Ciclos Formativos	28
8. Gráficos	32
9. Área de Formación e Investigación	34
10. Área de Relacións Externas.....	37
11. Colaboracións ……..	38

1. XUNTA DIRECTIVA

Presidenta:

Miriam pérez Fernández

Tesoureira:

Dolores Fernández Gómez

Secretario:

Emilio Fernández Gómez

Vogais:

Faustino Fernández Gómez

Julio Fresco Martínez

María Luz Ugarte Fernández

Non se devengou ningunha cantidade en concepto de dietas ou remuneracións de calquera clase durante o ano 2017 aos membros do órgano de goberno da entidade. A 31 de Decembro de 2017 a asociación conta con 6 membros da Xunta Directiva e 44 colaboradores.

2. A NOSA TAREFA, NOSO PUNTO DE VISTA, NOSOS CRITERIOS

ADAFAD é a Asociación de Axuda a Familias de Drogodependentes, sen ánimo de lucro, non confesional e independente de toda filiación política. O seu financiamento é mixto, contando con aportacións privadas así como ca colaboración de numerosos organismos públicos. Foi declarada de Utilidade pública por Orden del Ministerio del Interior o 4 de Abril de 2006, Orden INT/1395/2006, de 4 de Abril, BOE nº 112 de 11 de Maio de 2006.

ADAFAD, está incluída no Rexistro de Centros, Servizos y Establecementos Sanitarios de Galicia, así como no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais e no Rexistro de Entidades colaboradoras do Plan de Trastornos Aditivos da Xunta de Galicia.

ADAFAD, nace na primavera de 1996 dunha experiencia persoal, pola que se puido comprobar a utilidade e a necesidade de contar ca colaboración de profesionais no abordaxe e tratamento de certos problemas que cada vez xorden con máis frecuencia no seo das familias.

Algúns conflitos que aparecen nas familias sobrepasan o coñecemento e o afecto, xerando un excesivo malestar, e a miúdo, xorden actitudes e comportamentos motivados pola angustia e a desinformación que contribúen, a pesar das boas intencións, a manter e incluso a incrementar o conflito, levando máis angustia e sufrimento.

NOSA TAREFA

O propósito da Asociación ADAFAD é axudar as familias que se atopen en situación de conflito, sumando esforzos con outras institucións, entidades e servizos tanto públicos como privados.

O traballo cas familias pronto nos mostrou a conveniencia de orientar tamén a nosa tarefa ao ámbito da prevención. De este modo no ano 1998 a Asociación ADAFAD amplía o seu labor, e comeza a traballar con xuventude, pais, nais e comunidade.

A nosa principal prioridade é atender a cada persoa, a cada familia, a cada situación tomando en conta a súa particularidade.

NOSO PUNTO DE VISTA

A familia evoluciona dependendo do momento histórico, cultural e social que lle toca vivir e representa a primeira realidade que o ser humano coñece sendo a primeira e principal transmisora de valores.

Os conflitos forman parte ineludible das relacións humanas e están presentes en maior ou menor medida en tódolos ámbitos, afectando á vida das persoas; na familia, na escola e a comunidade en xeral. Os conflitos poden ser unha oportunidade ou un risco. A miúdo, a diversidade de valores, crenzas e culturas do ser humano xeran conflitos que poden contribuír ao desenvolvemento tanto persoal como social si se utilizan as ferramentas adecuadas.

A Asociación ADAFAD ten unha estrutura áxil e moi profesionalizada na que se valoran a formación continua, a iniciativa e as aportacións de cada un dos membros do equipo, sempre dispostos a cuestionarse a forma de pensar e de actuar para responder mellor ás necesidades de persoas e familias.

O método de traballo fundaméntase na atención á particularidade subxectiva, ao caso concreto, entendendo que é neste ámbito onde a Asociación pode xerar solucións.

A Asociación e cada un dos profesionais que a integran están atentos á complexidade, aos continuos cambios da sociedade e aos avances en tódalas disciplinas implicadas no noso ámbito de traballo. De este modo a calidade e a mellora continua da Asociación é un compromiso de tódolos seus membros.

A Asociación ADAFAD e cada unha das persoas que a integran manteñen continuo contacto e cooperación con outras entidades e axentes sociais como instrumento de participación cidadá. Así mesmo tamén favorécese e vehicúlase a implicación daquelas persoas que foron atendidas na Asociación e poden transmitir a outros a súa experiencia.

NOSOS CRITERIOS

Os principais valores que sosteñen o traballo do Equipo de profesionais de ADAFAD son os seguintes:

- Atención á particularidade subxectiva dos usuarios: O traballo que se realiza na Asociación respecta, e ten como obxecto da intervención, en cada persoa e en cada familia, o máis propio e particular implicado no conflito que sofren.
- Gratuidade la atención a familias e mozos e mozas: este traballo de atención a familias e mozos e mozas que os profesionais de ADAFAD levan a cabo non está supeditado a que aqueles paguen cantidade algunha polos servizos prestados.
- Segredo profesional: os profesionais que traballan na Asociación cumpren escrupulosamente os códigos deontolóxicos das respectivas profesións e moi especialmente o deber de secreto profesional.
- Especialidade e experiencia: todo o traballo que ADAFAD desenvolve con familias e mozos e mozas é realizado por profesionais debidamente titulados, cas especialidades que corresponden, e cunha dilatada traxectoria profesional.
- Formación continua: tódolos profesionais que integran o equipo de traballo de ADAFAD manteñen o compromiso de permanecer atentos aos cambios da realidade social e actualizar permanentemente os seus coñecementos científicos.

- Interdisciplinariedade e traballo en equipo: os profesionais do equipo de traballo cooperan mutuamente, e tamén con outras organizacións e servizos da comunidade. Así mesmo atendese gratuitamente tódalas demandas de consello e interconsulta que se nos solicitan.
- Equidade: a asociación e tódolos seus membros consideran imprescindible que toda actuación se leve a cabo sen ningún tipo de discriminación respectando a Declaración Universal de Derechos Humanos proclamada pola Asamblea General da ONU. Si algunha das necesidades non pode ser atendida polos profesionais que en ela traballan búscase o servizo máis adecuado no entorno máis próximo para proceder a súa derivación.
- Eficiencia: a Asociación e os membros do equipo de traballo moi especialmente, están comprometidos activamente ca distribución racional dos recursos.

NOSO PROXECTO

O proxecto de ADAFAD é colaborar cas familias e para iso desenvolve a súa actuación nas seguintes áreas:

- Información
- Atención psicosocial a familias
- Prevención
- Investigación e formación

3. EQUIPO DE TRABALLO

Presidenta

Miriam Pérez Fernández

Equipo Técnico:

Directora

Mª José Lamas Dopico. Psicóloga Sanitaria.

Área de Atención psicosocial a Familias

Julia Mª García Rodríguez. Traballadora social. Coordinadora

Alicia Arce González. Psicoanalista e Psicóloga especialista en Psicoloxía Clínica

Montserrat Cerviño Cotelo. Psicóloga Sanitaria.

Mª José Lamas Dopico. Psicóloga Sanitaria.

Área de Desenvolvemento

Manuel Araujo Gallego. Psicólogo especialista en Psicoloxía Clínica. Coordinador

Montserrat Cerviño Cotelo. Psicóloga Sanitaria.

Mª José Lamas Dopico. Psicóloga Sanitaria.

Área de Formación

Alicia Arce González. Psicoanalista e Psicóloga especialista en Psicoloxía Clínica. Coordinadora

Manuel Araujo Gallego. Psicólogo especialista en Psicoloxía Clínica.

Montserrat Cerviño Cotelo. Psicóloga Sanitaria

Carmen Fernández Barro. Pedagoga

Julia Mª García Rodríguez. Traballadora Social.

Mª José Lamas Dopico. Psicóloga Sanitaria

Área de Prevención

Montserrat Cerviño Cotelo. Psicóloga Sanitaria. Coordinadora

Cristina Babío Boquete. Educadora Social

Carmen Fernández Barro. Pedagoga

Noemí Ferreiro Rodríguez. Educadora Social

Ana Gómez Abelleira. Psicopedagoga

Mª José Lamas Dopico. Psicóloga Sanitaria

Alba López-Leitón Veiga. Psicóloga Forense

Clara Nogueira Prego. Psicóloga Educativa

Cristina Novoa Fraga. Educadora social

Marco Villar Fernández. Educador Social

Área de Secretaría Técnica e Administración

Mª José Lamas Dopico. Psicóloga Sanitaria. Coordinadora.

Montserrat Cerviño Cotelo. Psicóloga Sanitaria.

Carmen Fernández Barro. Pedagoga.

4. ÁREA DE INFORMACIÓN

Dirixida a todas aquelas persoas que soliciten información. Transmítense coñecementos sobre aspectos relacionados ca Educación para a Saúde, o consumo de sustancias e outros comportamentos prexudiciais, como o mal uso de internet e as novas tecnoloxías, a violencia de control así como a solución de conflitos que pode resultar necesario e útil coñecer.

Especificamente tamén se aborda:

- O desenvolvemento de hábitos de vida saudables e factores de protección.
- A prevención e identificación no ámbito familiar de posibles condutas de risco.
- As transformacións que os hábitos de vida pouco saudables producen na personalidade e na conduta das persoas.
- Os pasos necesarios a seguir para que unha persoa con problemas de consumo de sustancias chegue a solicitar tratamento.
- Os recursos públicos onde acudir.

5. ÁREA DE ATENCIÓN PSICOSOCIAL A FAMILIAS

A continuación recóllense as accións realizadas no área de atención a familias:

5.1. INTERVENCIÓNS

As intervencións diríxense a os membros da familia prestándolles atención tanto de forma individual como grupal. Trabállanse, entre outras, as cuestións seguintes:

- O malestar xerado por un conflito dentro da familia.
- A angustia persoal dos membros da familia.
- As actitudes e comportamentos dos familiares co fin de identificar os adecuados.
- O manexo dos momentos conflitivos.
- O consumo de drogas.
- O uso prexudicial e abusivo de internet e as novas tecnoloxías.
- A violencia de xénero

O número total de *familias* atendidas dende el inicio das actividades de ADAFAD en xuño do ano 1996, ata o 31 de decembro de 2017 é de 1.979, cun número total de intervencións de familias (entre as individuais, familiares e as de grupo) de 16.695

No 2017 atendéronse un total de 209 familias, 92 delas acudiron por primeira vez en este año, 117 xa comezaran en anos anteriores. Realizáronse un total de 942 citas de familias, sendo 194 de carácter familiar y 748 de carácter individual.

As familias son remitidas á Asociación desde diferentes entidades sanitarias e sociais, tanto públicas como privadas: Unidades asistenciais de drogodependenzas, centros escolares, concellos ou centros de saúde, entre outros.

A actividade asistencial no 2017 desenvolveuse maioritariamente con familias do Concello da Coruña e da súa área metropolitana (Arteixo, Betanzos, Cambre, Culleredo, Oleiros, Sada); aínda que tamén se atenderon familias procedentes de municipios máis alonxados, como Barco de Valdeorras, Coristanco, Ferrol, Foz, Narón…

5.2. PERFIL DAS PERSOAS ATENDIDAS

O perfil das persoas atendidas no Programa de Atención a Familias é o seguinte:

- **Sexo**: dúas de cada tres persoas que acoden son mulleres. Proporción que se mantivo bastante estable durante os últimos dez anos.

- **Idade**: a media de idade das persoas atendidas sitúase en 47,9 anos (dt=12,2; mediana=49). Considerando a serie histórica (2007-2017) obsérvase unha tendencia bastante estable.

- **Estado civil**: o 54,1% están casadas, observándose unha tendencia interanual dende 2007 a diminuír a súa proporción e aumentar a de divorciadas e solteiras.

- **Nivel de estudos**: Bacharelato (20,7%), ESO (18,9%)e estudos universitarios superiores (14,2%) e medios (10,8%), e FP medio(12,6%) son os niveis máis frecuentes. A tendencia interanual apunta a un paulatino incremento no nivel formativo, especialmente en FP superior, bacharel e estudos universitarios superiores.

- **Profesión**: ao longo dos últimos anos obsérvase un incremento na porcentaxe de parados con traballo anterior entre 2007 (5,2%) e 2012 (11,2%) para diminuír posteriormente en 2013 (10,7%), 2014 (8,9%) e 2015 (7,3%) e 2017 (8,9%), ainda que en 2016 ascende de novo ao 10,9%. Unha tendencia ascendente obsérvase na cifra de xubilados, que en 2017 alcanza a cifra do 10,8%. Os traballadores do sector servizos presentan neste último ano a cifra máis alta (36,9%), seguidos dos autónomos (15,3%) e funcionarios (10,8%) situación similar á de anos precedentes.

- **Medio de convivencia**: nove de cada dez persoas atendidas viven só con familiares, fundamentalmente fillos e parella, por esta orde; aínda que neste último caso obsérvase ao longo da serie histórica unha tendencia descendente e una lixeira tendencia ascendente a vivir coa nai. A persoa pola que se acode a consulta é maioritariamente polos fillos (70,3%) e en segundo lugar, a moita distancia, pola parella (12,6%); esta situación mantense estable ao longo dos anos.

- **Motivo principal da demanda**: o 56,8 % acoden por un problema relacionado co consumo de drogas, fundamentalmente cánnabis (37,9%), cocaína (17,1%) e alcohol (8,1%). A heroína foi decrecendo constantemente entre 2007 e 2014, no 2015 volveu ascender e desde entón recupera a súa liña descendente. Nos últimos cinco anos o alcohol vén ocupando o terceiro lugar que viña ostentando aquela. O 30,6% acoden por problemas de convivencia, sobre todo conflitos

relacionados coas normas (14,4%) e déficits de relación (10,8%), mentres a violencia verbal (3,6%) e a física (1,8%) sitúanse en posicións máis discretas.

- **Motivos secundarios da demanda**: os problemas de convivencia son os máis frecuentes, chegando ao 58,6% no 2017 seguidos dos problemas derivados dos consumos de drogas que alcanza a cifra de 22,5%. Na serie histórica (2007-2017) obsérvase unha tendencia cara ao incremento no primeiro caso e cara ao decremento no segundo, cum lixeiro repunte dos causados polas drogas en 2015 que diminuíron nos dous últimos anos.

- **Idade da persoa pola que se acode**: a idade media da persoa que motiva a consulta sitúase nos 28,64 anos (dt=15,4; mediana=25). Na serie histórica a media mantívose entre os 24 anos e medio e os 28 anos e medio, observándose que só o 25% das que motivan a demanda teñen 30 ou máis anos.

- **Consultas anteriores**: a maior parte das familias atendidas (53,2%) nunca consultaran anteriormente polo mismo motivo da demanda; unha proporción menor (29,7%) xa o fixera noutro servizo nunha ocasión; esta situación mantense invariable dende 2007, aínda que se aprecia unha tendencia ao incremento no caso das familias que nunca consultaran anteriormente con outros servizos.

- **Días de espera para ser atendido**: a media observada son 11,39 días naturais (dt=6,75; mediana=10). Ao longo da serie histórica estes parámetros fóronse reducindo de forma evidente, o que demostra unha maior eficiencia na xestión da atención que ADAFAD provee ás familias.

6. ÁREA PREVENTIVA

A continuación recóllense os programas que se desenvolven neste ano según o ámbito de actuación e nos que se promove unha perspectiva de xénero que favorece a igualdade e equidade.

6.1. ÁMBITO FAMILIAR.

6.1.1. Xornadas de sensibilización

Esta labor desenvolvese co obxectivo de colaborar cas familias, sensibilizando e informando da importancia do seu papel no desenvolvemento dos seus fillos e fillas, así como da súa función de prevención do consumo de drogas e outros comportamentos de risco.

Relación de actividades de prevención universal desenvolvidas no ano 2017

"Atrápame...se podes: acoso e ciberacoso"

Concello de Cambre

Casa da cultura, Vila Concepción

Participan 22 persoas

CEIP Portofaro

Participan 22 persoas

En este programa participaron 44 persoas ao longo do ano 2017

"mozos/as baixo tormentas: alcol e pastillas"

Concello de A Coruña

IES Rafael Dieste

Participan 15 persoas

Neste programa participaron 15 persoas ao longo do ano 2017

"Ás máscaras da violencia de Control"

Concello de Cambre

CEIP Portofaro

Participan 22 persoas

Neste programa participaron 22 persoas ao longo do ano 2017

“Levantemos a mirada: as pantallas e os videoxogos”

Concello de Cambre

Casa da Cultura, Vila Concepción

Participan 24 persoas

CEIP Portofaro

Participan 24 persoas

Neste programa participaron 48 persoas ao longo do ano 2017

“Se me berras non che oio”

Concello de A Coruña

Centro Cívico de Mesoiro

Participan 5 persoas

Neste programa participaron 5 persoas ao longo do ano 2017

“ Todo barco ten o seu capitán”

Concello de Cambre

CEIP Portofaro

Participan 31 persoas

En este programa participaron 31 persoas ao longo do ano 2017

En total nas xornadas de sensibilización universal participaron 165 persoas ao longo do ano 2017

6.1.2. “En Familia todos contan”

O programa é eminentemente práctico e dinámico, dirixido a pais e nais. Desenvólvese ao longo de cinco sesións de grupo dirixidas por unha mediadora co obxectivo de favorecer o desenvolvemento das habilidades e recursos necesarios para afrontar a tarefa que como pais e nais teñen na educación dos seus fillos e fillas incrementando os factores de protección fronte aos problemas en xeral e do consumo de substancias en particular.

Os módulos que o compoñen son:

Módulo I: Todo barco ten o seu capitán

- Quen decide? Como se decide?
- Ollo, hai chanzos!: os fillos e fillas crecendo
- Se me berras non che oio: saber falar-saber escoitar

Módulo II: Os conflitos: de que estamos a falar?

- Como actuar ante...

Relación de talleres de prevención selectiva desenvolvidosno ano 2017

Concello de A *Coruña*

Residencia O Bo Pastor

Participan 20 persoas

Residencia San Xosé

Participan 5 persoas

Concello da Laracha

Novo edificio administrativo

Participan 15 persoas

Concello de Cambre

Centro Municipal servizos Sociais, A Barcala

Participan 11 persoas

Concello de Carballo

Fórum Carballo

Participan 11 persoas

Nas actividades do programa de prevención selectiva participaron 62 persoas ao longo do ano 2017

6.2 ÁMBITO ESCOLAR

6.2.1 Educación Primaria

6.2.1.1 "Cine e Saúde: educación en valores"

A través do visionado dunha película e de catro sesións de intervención na aula dunha hora de duración cada una delas e dirixida por un/a mediador/a trabállase co alumnado que cursa 4º, 5º e/ou 6º Educación Primaria para promover o desenvolvemento de actitudes e valores favorecedores de saúde no alumnado de forma que actúe como factores de protección fronte ao consumo de drogas.

Desenvólvese en varios módulos:

Módulo I: Eu e as miñas diferenzas

- As relacións persoais…
- …e a amizade
- Tempo libre-tempo ocupado

Módulo II: Dificultades: que decidimos? como decidimos?

- a rabia invádenos!
- Cooperamos

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2017

Concello de A Coruña

CEIP Alborada

Participan 40 alumnos e alumnas que cursan 4º Educación Primaria

Concello de A Cambre

CEIP O Graxal

Participan 47 alumnos e alumnas que cursan 6º Educación Primaria

Concello de A Culleredo

CEIP Ría do Burgo

Participan 49 alumnos e alumnas que cursan 6º Educación Primaria

O número de alumnos e alumnas que participaron neste programa foi de 136 ao longo do ano 2017

6.2.1.2 “A rede e a súas redes I”

Neste programa trabállase ao longo de tres sesións de cincuenta minutos de duración cada unha e de periodicidade semanal dirixidas por un mediador ou unha mediadora co alumnado que cursa 6º curso de Educación primaria co obxectivo de promover a toma de conciencia por parte do alumnado dos riscos asociados ao uso da internet.

Os contidos que se traballan son:

- Que sabemos da rede de redes?
- Que fan as redes sociais cos nosos datos?
- Lei e responsabilidade na internet: Que significa ser menor de idade?
- A quen crees máis a “Google” ou aos teus Pais?
- Comenzou como una broma…
    - Cando me teño que preocupar?
    - A quen yo digo?

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2017

Concello da Coruña

CEIP Alborada

Participan 21 alumnos e alumnas que cursan 6º curso de Educación Primaria

CEIP Sal Lence

Participan 50 alumnos e alumnas que cursan 6º curso de Educación Primaria

CEIP Wenceslao Fernández Flórez

Participan 49 alumnos e alumnas que cursan 6º curso de Educación Primaria

Colexio Internacional Eirís

Participan 75 alumnos e alumnas que cursan 6º curso de Educación Primaria

El número de alumnos e alumnas que participan neste programa foi de 195 ao longo do ano 2017

6.2.1.3 “Eu, ti, outros/as. Prevención do consumo de alcol e tabaco”

Este programa trabállase nunha sesión de noventa minutos de duración dirixida por un mediador ou unha mediadora co alumnado que cursa 6º Curso de Educación Primaria co obxectivo de promover no alumnado hábitos saudables e unha actitude crítica que contribúa á toma de decisións saudables respecto ao consumo de alcol e tabaco.

Os contidos que se traballan son:

- grupo e eu: alcol e tabaco
- Un antes e un despois

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2017:

Concello da Coruña

CEIP Alborada

Participan 22 alumnos e alumnas que cursan 6º de Educación Primaria

CEIP Manuel Murguía

Participan 22 alumnos e alumnas que cursan 5º e 6º de Educación Primaria

CEIP Sagrada Familia

Participan 68 alumnos e alumnas que cursan 6º curso de Educación Primaria

CEIP Sal Lence

Participan 48 alumnos e alumnas que cursan 6º curso de Educación Primaria

Colexio Escravas Sacro Corazón de Jesús

Participan 50 alumnos e alumnas que cursan 6º curso de Educación Primaria

Colexio Rías Altas

Participan 27 alumnos e alumnas que cursan 6º curso de Educación Primaria

O número de alumnos e alumnas que participan neste programa foi de 237 ao longo do ano 2017

6.2.2. Educación Secundaria Obrigatoria e Ciclos Formativos

6.2.2.1 "A rede e as súas redes I"

Neste programa trabállase ao longo de tres sesións de cincuenta minutos de duración cada unha e de periodicidade semanal dirixidas por un mediador ou unha mediadora co alumnado que cursa 1º curso de Educación Secundaria co obxectivo de promover a toma de conciencia por parte do alumnado dos riscos asociados ao uso da internet.

Os contidos que se traballan son:

- Que sabemos da rede de redes?
- Que fan as redes sociais cos nosos datos?
- Lei e responsabilidade na internet: Que significa ser menor de idade?

- A quen crees máis a “Google” ou aos teus Pais?
- Comenzou como una broma…
  - Cando me teño que preocupar?
  - A quen yo digo?

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2017

Concello da Coruña

Colexio Fogar Santa Margarida

Participan 81 alumnos e alumnas que cursan 1º ESO

Colexio Rías Altas

Participan 30 alumnos e alumnas que cursan 1º ESO

IES Agra do Orzán

Participan 166 alumnos e alumnas que cursan 1º ESO

IES Elviña

Participan 57 alumnos e alumnas que cursan 1º ESO

IES Eusebio da Garda

Participan 117 alumnos e alumnas que cursan 1º ESO

IES Fernando Wirtz Suárez

Participan 57 alumnos e alumnas que cursan 1º ESO

IES Monelos

Participan 62 alumnos e alumnas que cursan 1º ESO

IES Monte das Moas

Participan 102 alumnos e alumnas que cursan 1º ESO

IES Rafael Dieste

Participan 106 alumnos e alumnas que cursan 1º ESO

IES Sardiñeira

Participan 70 alumnos e alumnas que cursan 1º ESO

IES Zalaeta

Participan 105 alumnos e alumnas que cursan 1º ESO

Concello de Oleiros

Centro de protección de menores “Lar A Mercé”

Participan 14 alumnos e alumnas que cursan diferentes cursos de Educación Secundaria Obligatoria

O número de alumnos e alumnas que participaron neste programa foi de 967 ao longo do ano 2017

6.2.2.2. " Habilidades Sociais fronte ás drogas I"

Neste programa trabállase ao longo de tres sesiones de cincuenta minutos cada una de elas e dirixidas por un mediador ou unha mediadora co alumnado que cursa 1º Educación Secundaria Obligatoria co obxectivo de facilitar unhas habilidades de comunicación e un desenvolvemento de autonomía persoal para una toma de decisión saudables fronte ao consumo de sustancias.

Desenvólvese en varios módulos:

Módulo I: Como me vexo? Como me ven?: relación

Módulo II: O bo rolo e o mal rolo

- Saber falar – saber escoitar: mirada, escoita activa, estilos comunicación,...
- Manexar tensións
- E tí, qué propós?

Relación de talleres desenvoltos no ano 2017

Concello da Coruña

Centro de Menores Concepción Areal

Participan 8 alumnos e alumnas

CIFP Paseo das Pontes

Participan 22 alumnos e alumnas que cursan 1º curso de Formación Profesional Básica

Colexio Rías Altas

Participan 29 alumnos e alumnas que cursan 1º ESO

Colexio Salesianos San Juan Bosco

Participan 59 alumnos e alumnas que cursan 1º ESO

Colexio Santo Domingo

Participan 56 alumnos e alumnas que cursan 1º ESO

IES Adormideras

Participan 88 alumnos e alumnas que cursan 1º ESO

IES Agra do Orzán

Participan 104 alumnos e alumnas que cursan 1º ESO

IES Elviña

Participan 53 alumnos e alumnas que cursan 1º ESO

IES Eusebio da Garda

Participan 242 alumnos e alumnas que cursan 1º ESO

IES Monelos

Participan 67 alumnos e alumnas que cursan 1º ESO

IES Monte das Moas

Participan 113 alumnos e alumnas que cursan 1º ESO

IES Otero Pedrayo

Participan 113 alumnos e alumnas que cursan 1º ESO

IES Rafael Dieste

Participan 113 alumnos e alumnas que cursan 1º ESO

IES Ramón Menéndez Pidal

Participan 252 alumnos e alumnas que cursan 1º ESO

IES Urbano Lugrís

Participan 108 alumnos e alumnas que cursan 1º ESO

O número de alumnos e alumnas que participaron neste programa fui de 1392 ao longo do ano 2017

6.2.2.3. " Habilidades Sociais fronte as drogas II"

Neste programa trabállase ao longo de tres sesións de cincuenta minutos de duración cada una de elas e dirixidas por un mediador ou unha mediadora co alumnado que cursa 2º Educación Secundaria Obligatoria e que desenrrolou con anterioridade o programa "Habilidades Sociais fronte as drogas I" co obxectivo de potenciar os recursos persoais de actuación adecuada para una abordaxe saudable e pacífica fronte aos conflitos en xeral, e do consumo de drogas e alcol en particular.

Desenvólvese nos seguintes módulos:

Módulo I: Unha mirada... unha palabra

- As emocións das palabras
- Halagos e críticas: dar e recibir

Módulo II: As relacións cos outros e outras...e as drogas

- Decido: como o fago?
- Un primeiro paso e os seguientes ata o final

Relación de talleres desarrollados en el año 2017

Concello da Coruña

IES Agra do Orzán

Participan 87 alumnos e alumnas que cursan 2º ESO

IES Elviña

Participan 48 alumnos e alumnas que cursan 2º ESO

IES Eusebio da Garda

Participan 110 alumnos e alumnas que cursan 2º ESO

IES Fernando Wirtz Suárez

Participan 96 alumnos e alumnas que cursan 2º ESO

IES Monelos

Participan 52 alumnos e alumnas que cursan 2º ESO

IES Monte das Moas

Participan112 alumnos e alumnas que cursan 2º ESO

IES Rafael Dieste

Participan107 alumnos e alumnas que cursan 2º ESO

IES Sardiñeira

Participan 63 alumnos e alumnas que cursan 2º ESO

IES Urbano Lugrís

Participan 100 alumnos e alumnas que cursan 2º ESO

O número de alumnos e alumnas que participaron neste programa fui de 775 ao longo do ano 2017

6.2.2.4. "Os disfraces do control"

Neste programa traballase ao longo de tres sesións de unha hora de duración cada unha de elas e dirixidas por un mediador ou unha mediadora con adolescentes co obxectivo de fortalecer as habilidades sociais que favorezan unhas relacións persoais saudables, permitindo identificar e facer fronte aos primeiros indicios de violencia de control.

Desenvólvese en varios módulos:

Módulo I: O control: Inicio da violencia de xénero.

- É "normal" que...
- Espazos, tempos amizades: onde estás?, canto Tempo? con quen?

Modulo II: Estratexias: relacións saudables, tamén "en liña"

A importancia de...

- As palabras que tes que dicir?
- As miradas e os xestos

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2017

Concello de Oleiros

Centro de protección de menores "Lar A Mercé"

Participan 14 alumnos e alumnas que cursan diferentes cursos de Educación Secundaria Obligatoria

El número de alumnos y alumnas que participaron en este programa fue de 14 a lo largo del año 2017

6.2.2.5 "Non pasa nada, pasa algo?"

É un programa dirixido a mozos e mozas que cursan 3º ESO. Desenvólvese ao longo de catro sesión de cincuenta minutos cada una e de periodicidade semanal. Dirixidas por un mediador ou unha mediadora co obxectivo de fortalecer no alumnado as súas competencias e habilidades para favorecer unas relación saudables cun pensar e unha actitude crítica fronte ao consumo de drogas.

Desenvolveuse nos seguintes módulos:

Módulo I: As relacións…

- Coñecéndonos a nós mesmos e aos outros
- Como me relaciono? E os outros e outras?
- Espazos, tempos, amizades e o grupo: necesitas muletas?

Modulo II: Dificultades e estratexias

- Temos a información e agora, que?
- A importancia das palabras…tamén "en liña"
- Como digo "non"?

Relación de talleres realizados en 2017

Concello das Pontes de García Rodríguez

IES Castro da Uz

Participan 27 alumnos e alumnas que cursan 3º ESO

O número de alumnos e alumnas que participaron neste programa foi de 27 ao longo do ano 2017

6.3. ÁMBITO XUVENIL

6.3.1. "Activa": Formación de Mediadores xuveniles en prevención de drogodependenzas

É un programa dinámico e práctico dirixido a mozos e mozas entre 18 e 29 años. Desenvólvese ao longo de varias sesións cun total de vinte horas dirixidas por un mediador ou unha mediadora. Ten como obxectivo promover a adopción de estilos saudables de vida e de ocupación do tempo libre na mocidade, favorecendo entre os asistentes as condutas de liderado positivo en relación ao non consumo de drogas en grupo e a reducir a conflitividade na rúa derivada do consumo de drogas por mozos e mozas.

Consta dos seguintes módulos:

Modulo I: Drogas e drogodependenzas. Realidade actual dos mozos e mozas

- Europa – España - Galicia
- Conceptos básicos
- Mitos e realidades

Modulo II: O mediador ou mediadora xuvenil e a prevención

- Mediador ou mediadora xuvenil: rol e funciones. Dinamizar á xuventude
- Prevención
    - Factores de protección e factores de risco
    - Estratexias en prevención: individuais e grupais
    - Ocio e tempo libre

Modulo III: Recursos e direccións de interés

Relación de talleres realizados no ano 2017:

Concello de A Coruña

Centro López e Vicuña

Participan 29 alumnos e alumnas que cursan 2º curso de Educación Infantil

CFP Tomás Barros

Participan 23 alumnos e alumnas que cursan 1º curso de Integración Social

O número de mozos e mozas que participaron no programa foi de 52 ao longo do ano 2017

6.3.2 “Prevención e mediación en casos de bullying”

Programa dirixido a mozos e mozas de 18 a 30 anos. Desenvólvese ao longo de quince horas de duración dirixidas por dous profesionais da saúde co obxectivo de transmitir os contidos necesarios para que os participantes teñan as habilidades e recursos necesarios para previr, identificar e abordar, se fose necesario, situacións de acoso.

Consta dos seguintes contidos:

Módulo I: Panorama actual: Europa- España- Galicia

Módulo II: Identificación do acoso escolar e ciberacoso

- Contextualización: definición e criterios
- Tipos e consecuencias. Tratando as diferenzas

Módulo III: Convivencia e primeiros indicios

- A convivir aprendese
- Prevención: os iguais: equipos de mediación entre iguais
- Abordaxe

Módulo IV: habilidades e recursos do mediador/a fronte:

- Acosador/a
- Acosado/a
- Observadores/as
- Familia
- Outros/as

Módulo V: Aspectos legais e recursos comunitarios

Relación de talleres realizados no ano 2017

Concello da Coruña

Centro Cívico Monelos

Participan 9 xóvenes

O número de xóvenes que participaron no programa foi de 9 ao longo do ano 2017

6.3.3 “Psicoeducación preventiva”. Programa de substitución de sancións impostas por incumprimento da Ley, 11/2010, de 17 de decembro de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

Programa de prevención indicada dirixido a menores de idade sancionados por incumprimento da lei, 11/2010 do 17 de decembro de prevención de bebidas alcohólicas en menores de idade. Desenvólvese ao longo de dez horas de duración distribuídas en sesións individuais e de grupo, dirixidas por profesionais sanitarios co obxectivo de diminuír o consumo de alcol nos menores sancionados, incrementando a percepción de risco e facilitando ferramentas, tendo en conta as súas características persoais e sociais, para afrontar situacións relacionadas co consumo de alcol.

En el último cuadrimestre de año 2017

Concello da Coruña

Sede de Adafad

Participan 18 menores

O número de menores sancionados que participaron no programa no último cuadrimestre é de 18

7. ÁREA DE XESTIÓN DE CONFLITOS

As intervencións divídense en dous ámbitos;

7.1 Ámbito familiar

7.2 Ámbito escolar

7.2.1. Habilidades para a xestión de conflitos

7.2.2. Xestión e mediación de conflitos no ámbito escolar dirixido ao alumnado

7.1. ÁMBITO FAMILIAR

Dirixida a asesorar na xestión de conflitos no ámbito familiar abordándose, entre outras, as seguintes cuestións:

- O conflito no seno das relacións familiares.
- A responsabilidade na convivencia.
- Os recursos e ferramentas para facer fronte a determinadas situacións conflitivas en diferentes momentos da vida: consumo de drogas, violencia familiar, conflitos xeracionais, etc.

7.2. ÁMBITO ESCOLAR

7.2.1. Educación Secundaria Obrigatoria e Ciclos Formativos

7.2.1.1 "Abordaxe de conflitos: drogas"

Neste programa, ao longo de catro sesións de cincuenta minutos de duración cada unha de elas, dirixidas por un mediador ou unha mediadora, trabállase co alumnado co obxectivo de favorecer as habilidades e recursos necesarios para xestionar os conflitos de forma construtiva, dende o diálogo e a cooperación.

Está composto polos seguintes módulos:

Módulo I: Os conflitos...oportunidades? riscos?

- As diferenzas de xénero, cultura,etc e os estereotipos, prexuizos, tópicos
- Afrontamento dos conflitos: eu gaño-ti gañas?, eu gaño-ti perdes?,

Módulo II: Como xestionan os conflitos as/os túas/teus compañeiras/os? E ti?

- Comunícaste...
- Pos en marcha a túa creatividade o polo contrario …

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2017

Concello de A Coruña

Centro de Reeducación Concepción Arenal

Participan 7 alumnos e alumnas de este centro

CIFP Paseo das Pontes

Participan 8 alumnos e alumnas que cursan Formación Profesional Básica (FPB)

Colexio Calasancias

Participan 56 alumnos e alumnas que cursan 3º ESO

Colexio Rías Altas

Participan 27 alumnos e alumnas que cursan 3º ESO

IES Adormideras

Participan 35 alumnos e alumnas que cursan 3º ESO

IES Agra do Orzán

Participan 86 alumnos e alumnas que cursan 3º ESO

IES Calvo Sotelo

Participan 91 alumnos e alumnas que cursan FPB

IES Elviña

Participan 45 alumnos e alumnas que cursan 3º ESO

IES Eusebio da Garda

Participan 110 alumnos e alumnas que cursan 3º ESO

IES Fernando Wirtz Suárez

Participan 158 alumnos e alumnas que cursan 3º de ESO y cursos de FPB

IES Monelos

Participan 57 alumnos e alumnas que cursan 3º de ESO

IES Monte das Moas

Participan 80 alumnos e alumnas que cursan 3º de ESO

IES Otero Pedrayo

Participan 56 alumnos e alumnas que cursan 3º ESO

IES Rafael Dieste

Participan 93 alumnos e alumnas que cursan 3º ESO

IES Zalaeta

Participan 74 alumnos e alumnas que cursan 3º ESO

O número de alumnos e alumnas que participaron neste programa foi de 983 ao longo do ano 2017

7.2.1.2. “Xestión e mediación de conflitos no ámbito escolar dirixido ao alumnado”

Ao longo de varias sesións e de un total de doce horas dirixidas por un mediador ou unha mediadora, trabállase co alumnado que cursa Educación Secundaria co obxectivo de promover e favorecer técnicas e estratexias básicas, así como os recursos necesarios, para abordar de forma construtiva desde o diálogo e a cooperación os conflitos e formar parte dun Equipo de Mediación escolar

Desenvólvese nos seguintes módulos:

Modulo I: Os conflictos…

1. Oportunidades? riscos?
2. que pasou? Cando os “abres” atópaste…
    - 2.1. como os ves?
        - 2.1.1. como os miras?: masculino – feminino
        - 2.1.2. Diferenzas
    - 2.2. como o dis?
        - 2.2.1. A linguaxe
        - 2.2.2. Estereotipos
        - 2.2.3. E as tecnoloxías: whatsApp, …
    - 2.3. houbo un principio? E… en que momento estamos?
3. Nin están todos os que son… ni son todos os que están
4. Como afrontan os teus compañeiros e compañeiras os conflitos? e ti?, o silencio é unha maneira?

Modulo II: E se falamos de violencia de “control”: como? cando?

Modulo III: Mediación familiar

5. que é? como se fai?
6. con quen contamos?

Módulo IV: Alumnado? Mediadores escolares?

6. Participar na realidade do centro, relacionarnos?
7. Que se necesita? Que necesitas tu?
8. Escoitas? Preguntas? Deixas que cho conten?

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2017

Concello de A Coruña

IES Elviña

Participan 5 alumnos e alumnas que cursan ESO

IES Fernando Wirtz Suárez

Participan 23 alumnos e alumnas que cursan ESO

O número de alumnos e alumnas que participaron neste programa fui de 28 ao longo do ano 2017

8. GRÁFICOS

A continuación preséntanse os datos dos últimos catro anos relativos ao ámbito escolar y familiar

Gráfico 1: Número de aulas que participan nos programas de prevención



Gráfico 2. Número de alumnos e alumnas que participan nos programas de prevención



Gráfico 3. Número de familias atendidas.



Gráfico 4. Número de citas familiares.



9. ÁREA DE FORMACIÓN E INVESTIGACIÓN

ADAFAD é unha Asociación preocupada pola Formación do seu equipo de traballo e das mediadoras que colaboran con ela. Así mesmo da resposta á demanda dos/as profesionais que están interesados no traballo con familias.

Ao longo do ano 2017 desenvólvense diversas accións dentro do programa de formación e investigación:

"Grupos de traballo. Servizos sociais – Adafad: traballando con familias"

Ten como obxecto a colaboración entre profesionais dos Servizos sociais do Concello da Coruña e profesionais de Adafad na formación específica do traballo que se realiza con familias, analizando e valorando a pertinencia da intervención que se desenvolve.

No ano 2017 está en funcionamento un grupo de traballo:

- Continua traballando desde o seu inicio no ano 2013 fórmano un total de 9 profesionais e desenvólvense ao longo do ano 2017 un total de 6 sesións de traballo.

"Formación de Mediadores Sociales en prevención de trastornos adictivos"

O programa diríxese a profesionais do ámbito dos servicios sociais co obxectivo de mellorar os conocementos para a implementación das intervencións preventivas posibilitando a execución de programas de prevención en diferentes ámbitos: escolar, familiar, laboral…

Módulo I:Os /as mediadores/as sociais. Unha peza crave para a intervención

- Marco Xeneral de prevención
- Áreas de intervención dos/as mediadores/as Sociais

Módulo II: Drogas e drogodependencias. Realidade actual dos/as mozos/as

- Europa- España- Galicia
- Conceptos básicos
- Factores de protección. Factores de risco

Módulo III: Mediador/a social: Que pode facer?

- Habilidades e recursos
- Actuacións en prevención: individual e grupal

Módulo IV: Programas e recursos de prevención

Relación de talleres realizados no ano 2017

Concello da Coruña

Asociación de ayuda a familiares de drogodependientes, ADAFAD

Participan 14 profesionales do ámbito dos servicios sociais

O número de participantes neste programa foi de 14 ao longo do ano 2017

"Métodos e técnicas de intervención social: Acoso escolar. Bullying"

O programa diríxese a profesionais do ámbito dos servizos sociais co obxectivo de transmitir os contidos necesarios para que os asistentes estean en condicións de identificar e abordar situacións de acoso escolar.

Desenvólvese nos seguintes módulos:

Modulo I: Panorama actual: Europa – España - Galicia

Modulo II: Identificación do acoso escolar

- Contextualización: definición e criterios
- Tipos e consecuencias. Tratamento da diferenza

Modulo III: Servizos sociais comunitarios: detección e abordaxe do proceso

- Primeiros indicios
- Intervención

Modulo IV: Estratexias de intervención

Modulo V: Pautas legais

Relación de talleres realizados no ano 2017:

Concello de A Coruña

Centro Cívico San Diego

Participan 20 profesionais do ámbito socio-educativo e policial do Concello de A Coruña

O número de participantes foi de 20 ao longo do ano 2017

No **ámbito externo** da Asociación realizouse a seguinte formación:

Xaneiro-Maio. Curso de Clínica Psicoanalítica. Instituto do Campo Freudiano. A Coruña

16-23 de Febreiro. Xornada *"Autoridad; Responsabilidade e Violencia na aula"*. Fundación Paideia. A Coruña

23 de Febreiro.Noites Clínicas. Instituto do Campo Freudiano de Galicia. A Coruña

30 de Marzo, Sesión Científica, *"A relación terapeutica co paciente"*. Dr. Valentín Escudero, profesor titular de Psicología na UDC. Real Academia de Medicina de Galicia, A Coruña

5-6 de maio. XXI Xornada do Instituto do Campo Freudiano. *"Mulleres, nais e outras posicións femininas do ser"*. A Coruña

9-10 de novembro. *III Congreso Internacional da Asociación Provincial das Amas de Casa, Consumidores e usuarios da Coruña.* Salón de actos da Fundación. A Coruña

ADAFAD Participou en:

7 de abril. Xornada de sensibilización "Persoas sin teito". Ponencia "Unha conversa: locais de baixa esixencia". A Coruña

16 de xuño. Focus Group del Proyecto "UPC ADAPT"(Universal Prevention Curriculum in Europa) "Implementing a Prevention training curriculum in Europa: Adaptation ond Piloting". Delegación del Gobierno para el Plan Nacional sobre Drogas. Madrid

10 de novembro III Congreso Internacional da Asociación Provincial das Amas de Casa, Consumidores e usuarios da Coruña. " Xuventude e consumos. Novos retos". Ponencia: "O que as nais e os país nos din…o que as fikkas e os fillos nos dín…". A Coruña

Formación de praticas externas de estudantes do Master Universitario en Psicoloxía Sanitaria da Universidade Nacional de Educación a Distancia, UNED e da Universidade Internacional de Valencia, UIV. Así como Prácticas profesionais de Grao en Pedagoxía.

Leváronse a cabo varios estudos de investigación:

Rial, A., Kim-Harris, S., Araujo, M., Brana, T., Varela, J. (2017). Validación de "Test de Identificación de Trastornos por Consumo de Alcol" (AUDIT) na poboación adolescente española. *Behavioral Psychology/Psicoloxía Conductual, 25, 371-386.*

Rial, A., Kim-Harris, S., Knight, JR., Araujo, M., Gómez, P., Braña, T., Varela, J., Golpe, S., (2017). Validación empírica del CRAFFT Abuse Screening Test nunha mostra de adolescentes españois. *Adicciónes. Publicación en avance*.

Araujo, M., Golpe, S., Braña, T., Varela, J., Rial, A. (2017). Validación psicométrica do POSIT para o cribado do consumo de risco de alcol e outras drogas en adolescentes. *Adicciónes. Publicación en avance.*

10. ÁREA DE RELACIÓNS EXTERNAS

Relacións Externas

- ADAFAD é membro da Unión Española de Asociacións e Entidades de Atención ao Drogodependente, UNAD.
- Reunións con diferentes representantes políticos e sociais do Concello da Coruña, Cambre e Culleredo.
- Convenio de colaboración educativa para a realización de prácticas formativas de Postgrado do alumnado da Universidade Internacional Valenciana, VIU
- Convenio de cooperación educativa para a realización de praticas extracurriculares do alumnado do Master Universitario da Universidade Nacional De Educación a Distancia, UNED.
- Convenio de cooperación educativa para a realización de prácticas curriculares de Grao da Universidade Nacional de Educación a Distancia, UNED.
- Leváronse a cabo reunións de divulgación e promoción das actividades da Asociación con profesionais de diversas entidades e recursos da provincia da Coruña

Medios de Comunicación:

30 de marzo, en Radio Voz entrevista a Dna. Mª José Lamas Dopico. Directora de Adafad.
12 de maio, "A Opinión" A Coruña. Entrevista Aa Dna. Mª josé Lamas Dopico. Directora.
18 de xullo, rolda de prensa da Concelleira de Xustiza Social e Coidados do Concello da Coruña, Dna. Silvia Cameán acompañada pola Directora de Adafad, Dna. Mª José Lamas Dopico napresentación do Programa de Prevención Psicoeducativa "Non Pases por un mal grolo"
19 de xullo, en Radio Coruña Programa " Hoy por Hoy" entrevista a Dna. Mª José Lamas Dopico. Directora.
20 de xullo, "A Opinión" A Coruña. Entrevista a Dna. Mª José Lamas Dopico. Directora.
1 de agosto, en Radio Intereconomía. Entrevista a Dna. Mª José Lamas Dopico. Directora.
16 de outubro, "A Opinión" A Coruña. Entrevista a Dna. Mª José Lamas Dopico. Directora.

11. COLABORACIÓNS

ADAFAD contou durante o ano 2017 ca colaboración de diversos organismos públicos para o desenvolvemento das súas actividades: Consellería de Sanidade, Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación; Deputación Provincial de A Coruña; Concellos de A Coruña, Cambre e Culleredo. Así mesmo colaborou a empresa privada Fergo Galicia, s.l. Tamén se contou ca colaboración dea Unión de Asociacións e Entidades de atención ao drogodependente, UNAD.